

El cambio climático no es algo reciente. Viene de lejos. Pero parece que ahora la opinión científica y política sobre sus efectos y causas está alcanzando niveles de consenso como

nunca. De hecho, hasta el Gobierno de Obama acaba de presentar un informe detallado sobre las consecuencias del calentamiento global para EE UU y ha lanzado un amplio

programa para combatirlo. FARO se recabada la opinión de un catedrático de Economía y un profesor de Edafología para expongan su punto de vista sobre el cambio climático.

Moito que perder para as xeracións futuras



Xavier Labandeira Villot
CATEDRÁTICO DE ECONOMÍA
DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Desde setembro do ano pasado, cando se presentou o primeiro documento da xeira do quinto informe de avaliación do IPCC (Grupo Intergubernamental de Cambio Climático), ten habido moitas referencias ao problema do cambio climático nos medios de comunicación. Por unha banda, o IPCC insistiu na presentación dos sumarios dos seus informes de avaliación na responsabilidade do ser humano (grupo I), na relevancia social e económica (grupo II) e nas posibles vías e barreiras para a solución do problema do cambio climático (grupo III). Por outra, a administración estadounidense presentou hai menos de un mes, cunha ampla involucración do presidente Obama, un informe detallado sobre os importantes impactos esperables do cambio climático no país. Tamén tivo moita difusión un estudo recente sobre os efectos do queamento global na Antártida, a partir de novos datos obtidos desde o espazo, con importantes implicacións sobre a suba do nivel dos mares.

Que o problema do cambio climático é relevante non é unha novidade, pero si o é a acumulación exponencial de nova información e coñecemento sobre as súas causas e impactos. Ante iso moitos cidadáns se preguntan por que non se fai máis, por que a negociación internacional non avanza

máis rapidamente ou a aplicación de políticas climáticas é tan acotada e limitada. E quizais a primeira resposta é que este é un problema máis dos moitos aos que se enfrontan as sociedades contemporáneas, como a pobreza, os recursos limitados para a saúde, os problemas de envellecemento ou de explosión demográfica, etc. Quizais nos esquecemos, sen embargo, que moitos deses problemas terán unha solución moito máis complexa se non enfrontamos o cambio climático porque este afectará precisamente máis aos máis desfavorecidos; aos países en desenvolvemento e ás capas da poboación con menos medios para adaptarse ao cambio. Unha segunda e importante razón que obstaculiza o progreso é a natureza global do problema, que existe acordos internacionais de grande alcance con países que teñen intereses moi diferentes: produtores e consumidores de petróleo, rexións máis e menos afectadas polos impactos climáticos, países desenvolvidos e emerxentes, etc. Tamén, aínda que moitas veces esquecido, a distribución intertem-

poral de beneficios e custos das políticas climáticas supón outro importante factor limitativo. Porque son as xeracións futuras as que teñen máis que perder co cambio climático pero sen ninguén que defenda a súa posición na actualidade, o que se agrava polo feito de que os custos das políticas climáticas son inicialmente soportados polas xeracións actuais.

Por iso é primeiro crucial coñecer todas esas barreiras para poder avanzar na solución do problema. A sinatura dun novo protocolo internacional que recoñeza a importancia dos aspectos interxeracionais, por exemplo a través dunha limitación explícita da suba da temperatura como os 2°C acordados nos últimos cumios climáticos, e as diferenzas entre países é unha condición necesaria para un progreso axeitado das estratexias contra o cambio climático. Non obstante, non se trata dunha condición suficiente porque o cumprimento dos obxectivos marcados polos acordos internacionais será só posible se se aplican políticas creíbles nos países que asinan o protocolo. Os problemas vividos polo Protocolo de Kioto e a súa limitada efectividade ilustran o precedente.

Como deben ser estas políticas 'nacionais'? En primeiro lugar, deben ser custo-efectivas, conseguindo os obxectivos ao mínimo custo para a sociedade. En segundo lugar, deben ser socialmente aceptables, evitando a sensación de que supoñen un ataque frontal á nosa forma de vida e/ou fenómenos de pobreza enerxética, pero á vez sendo capaces de inducir cambios de comportamento dos distintos axentes sociais. E en terceiro lugar, e isto é quizais sexa o máis relevante, deben fomentar o desenvolvemento de tecnoloxías baixas en carbono, baratas e aplicables a grande escala globalmente, que sexan realmente unha alternativa ao entramado produtivo que temos na actualidade.

“Que o problema é relevante non é novidade, pero si a acumulación de datos sobre o impacto”

Os economistas pensamos que os prezos sobre as emisións causantes do cambio climático, ben en forma de mercados de comercio de emisións ou impostos ambientais, son unha moi boa alternativa para conseguir todo o precedente, pero por suposto outros instrumentos e políticas como a planificación urbana e de infraestruturas, o fomento da investigación básica e aplicada sobre tecnoloxías limpas ou a educación e concienciación ambiental son igualmente necesarios.

Na actualidade encontrámonos nunha traxectoria, de acordo co coñecemento científico existente, moi alonxada do aumento de só 2°C a finais do século. Identificar as barreiras xerais para o progreso na solución global do problema e aplicar políticas nos distintos países que permitan conseguir os obxectivos marcados son o noso desafío fundamental. Para iso o papel dos cidadáns como suxeitos políticos e consumidores será fundamental, tanto na demanda como na aceptación e reacción aos instrumentos para conseguir ese fin.